Se o estudantado está matriculado nas materias adaptadas, validadas ou recoñecidas, a eficacia e a imputación no expediente será desde que se dite a resolución, agás que xa fose cualificado con "suspenso". Cando non se poidan aplicar os recoñecementos por estar as materias xa cualificadas poderase facer en cursos posteriores.

Non se admitirá ningunha anulación das adaptacións, validacións e recoñecementos de estudos que xa producisen efectos no expediente académico.

En ningún caso procederá o recoñecemento de materias cursadas en réxime de simultaneidade de estudos entre distintas universidades cando se trate de titulacións iguais ou equivalentes.

Solicitudes de adaptación, validación e recoñecemento presentadas no prazo xeral do primeiro semestre A persoa solicitante terá dereito a modificar a matrícula no prazo establecido na resolución respecto das solicitudes de adaptación, validación e recoñecemento presentadas no prazo xeral do primeiro semestre. Durante o prazo de modificación establecido na resolución cabe a renuncia total ou parcial aos recoñecementos. No caso de non efectuar ningunha actuación expresa, incorporaranse de oficio os créditos recoñecidos.

Sempre que a solicitude de recoñecemento se realice dentro do prazo establecido no primeiro semestre, se o estudantado supera posteriormente a este prazo algunha materia na universidade de orixe na convocatoria extraordinaria de setembro, poderá facer unha solicitude complementaria fóra de prazo, sempre que se realice antes de finalizar o mes de outubro. Para isto será indispensable que presente unha certificación académica na que conste que a materia ou materias se superaron na convocatoria extraordinaria de setembro do ano en curso.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Solicitudes de adaptación, validación e recoñecemento presentadas no prazo establecido no segundo semestre As solicitudes de adaptación desde plans extinguidos admitiranse no prazo do segundo semestre establecido no Anexo I, sempre que, de acordo coa normativa de permanencia, a persoa solicitante poida formalizar a matrícula nese semestre.

O estudantado terá dereito a modificar a matrícula de materias do segundo semestre no prazo que se estableza en cada resolución, respecto das solicitudes de recoñecemento e validación presentadas no prazo establecido no Anexo I para o segundo semestre. Estas modificacións deberán respetar as limitacións establecidas para o segundo semestre.

Durante o prazo de modificación establecido na resolución cabe a renuncia total ou parcial aos recoñecementos. No caso de non efectuar ningunha actuación expresa, incorporaranse de oficio os créditos recoñecidos.

Solicitudes presentadas fóra dos prazos establecidos

Só se admitirán as solicitudes de recoñecemento presentadas fóra dos prazos establecidos no Anexo I no caso de que se correspondan coa aplicación de táboas automáticas de recoñecemento.

Estudantado que realice cursos, actividades e competencias transversais

O estudantado que teña un exceso de créditos optativos matriculados para completar os estudos e defender o TFG no actual curso académico, como consecuencia do recoñecemento no mesmo curso académico de créditos correspondentes a cursos, actividades ou competencias transversais, poderá dar de baixa créditos optativos, sempre que se solicite esta modificación antes do inicio do período de avaliación do semestre ao que correspondan e sempre que a/as materia/as teñan un número igual ou inferior aos créditos optativos en exceso.

9.5. MODIFICACIÓN POR PRÁCTICAS EN EMPRESA OU NOUTRAS INSTITUCIÓNS

A persoa admitida para realizar prácticas en empresas ou noutras institucións convocadas pola universidade poderá modificar a súa matrícula no prazo dos 5 días seguintes a aquel en que foi seleccionado. Unicamente poderá anular un número de créditos igual ou inferior do mesmo tipo e sempre que non se celebrasen os exames da materia ou materias que pretendan anular.

A persoa matriculada no inicio de curso en prácticas optativas nas que non resulte seleccionada poderá modificar no segundo semestre un número de créditos equivalente á materia de prácticas.

Agás no caso establecido no parágrafo anterior, a matrícula no Prácticum ou nas prácticas só se poderá anular no prazo de modificación de matrícula do primeiro semestre, sempre que non estean adxudicadas as prazas.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

9.6. MATRÍCULA E MODIFICACIÓNS DE MATRÍCULA NO SEGUNDO SEMESTRE

9.6.1. Inicio de estudos de máster

Excepcionalmente, a petición do coordinador do máster no prazo establecido no Anexo I, poderase autorizar a matrícula de novas persoas no caso de que no prazo de matrícula do primeiro semestre resultasen prazas vacantes. As prazas neste período adxudicaranse por orde de solicitude. A matrícula só abarcará as materias do segundo semestre.

Neste período, o estudantado estranxeiro ao que lle sexa de aplicación o Acordo do Consello de Goberno do 28 de febreiro de 2019 sobre esixencia de nivel de coñecemento de lingua galega ou castelá para matrícula en estudos de grao, máster e doutoramento oficial , modificado por ACG do 28 de maio de 2025, deberá acreditar o nivel esixido no momento de realizar a solicitude de praza vacante. Ademais, non poderá solicitar a admisión en vacantes, cando conste algunha débeda coa universidade ou fora anulada nese curso académico outra matrícula por falta de documentación (solicitude de recoñecemento de equivalencia do nivel de estudos estranxeiros, acreditación de nivel de coñecemento de lingua castelá ou española,...). Serán anuladas de oficio as matrículas nas que concorran esas circunstancias.

A persoa que inicie estudos neste prazo deberá matricularse da oferta completa correspondente ao segundo semestre salvo que, previa solicitude individual, se autorice unha redución de matrícula que non será en ningún caso maior do 50% da oferta do segundo semestre.

Para estes efectos, os coordinadores deberán comunicar a súa vontade de convocar as prazas vacantes ao Servizo de Xestión Académica antes da data recollida no Anexo I.

9.6.2. Continuación de estudos

Sempre que se cumpran os requisitos establecidos na normativa de permanencia, poderán matricularse para continuar os estudos xa iniciados en materias do segundo semestre o estudantado desta universidade que non se matriculou no prazo xeral de matrícula do primeiro semestre.

9.6.3. Ampliación e modificación de matrícula no segundo semestre en ensinanzas de grao e máster

Só se poderá realizar unha modificación de matrícula neste prazo de forma que o número de créditos resultante non poderá ser inferior aos inicialmente matriculados.

Poderá modificarse a matrícula engadindo ou substituíndo materias de acordo co seguinte:

- Ampliación de materias.- Só se poderá ampliar a matrícula en materias do 2º semestre, calquera que sexa o carácter das mesmas.

- Substitución de materias.- Poderanse substituír soamente materias do 2º semestre nas que estea matriculado por outras do 2º semestre de calquera carácter.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

As modificacións de matrícula en estudos de máster no prazo de modificación do segundo semestre deberán ser autorizadas previamente polo coordinador do programa, aplicándose as limitacións, impedimentos e requisitos establecidos na normativa que regula os estudos de máster, na oferta do máster e nesta convocatoria. A modificación poderase realizar de dúas formas:

- Mediante solicitude previa da persoa interesada ao coordinador, quen poderá informar directamente a UXA das materias do segundo semestre que hai que modificar na súa matrícula.

- Mediante solicitude da persoa interesada directamente á UXA, achegando un informe favorable do coordinador.

9.7. DESISTENCIA PARCIAL OU MODIFICACIÓN DE MATRÍCULA POR CAUSAS EXCEPCIONAIS

Poderá solicitarse a modificación ou desistencia parcial de matrícula por situacións persoais (tales como enfermidade grave), ou académicas, que deberán acreditarse documentalmente.

A modificación concederase ou denegarase por resolución reitoral despois de estudadas as alegacións presentadas pola persoa interesada.

10. SIMULTANEIDADE DE ESTUDOS

As normas sobre a simultaneidade de estudos entenderanse sen prexuízo do disposto no Acordo de Consello de Goberno de 27 de marzo de 2015 respecto de dobres titulacións e dos programas para persoas de altas capacidades, que se rexerán pola súa normativa específica.

Así mesmo, as normas referentes á simultaneidade de estudos non serán aplicables a titulacións propias, estudos de formación continua, cursos de especialización, cursos de idiomas e outras actividades formativas nin para simultaneidade con estudos de nivel non universitario.

A matrícula a tempo completo nos estudos cursados en réxime de simultaneidade non superará conxuntamente os 75 créditos durante o primeiro ano e 90 ECTS en anos sucesivos, sen contar os créditos correspondentes ás prácticas extracurriculares e ao Traballo de Fin de Grao ou de Fin de Máster. Excepcionalmente, poderíanse autorizar tamén 90 ECTS durante o primeiro ano de simultaneidade, sempre e cando o estudante teña superado o primeiro curso nun dos estudos de Grao.

A Resolución reitoral do 3 de setembro de 2013 sobre simultaneidade de estudos, regula os impedimentos e os requisitos para simultanear estudos e os dereitos e obrigas do estudantado ao que se lle conceda a simultaneidade, respecto das titulacións de grao e máster tanto da USC como no caso de que unha das dúas titulacións sexa doutra universidade.

A simultaneidade entre doutoramento e calquera outro estudo rexerase polo disposto no Regulamento de estudos de doutoramento.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

11. ADAPTACIÓN DE ITINERARIOS CURRICULARES

A persoa que inicie estudos en calquera dos regulados nesta convocatoria e, de xeito excepcional, o estudantado de continuación de estudos, poderá solicitar no prazo xeral de matrícula do primeiro semestre, a adaptación dos itinerarios curriculares que deban seguirse para a obtención do título por resolución de recoñecemento de altas capacidades ou de necesidades educativas especiais.

A resolución da petición de adaptación curricular, unha vez recoñecida a mencionada situación pola unidade ou servizo correspondente, poderá incluír a modificación ou dispensa dos límites de matrícula e do cómputo de convocatorias, determinar o itinerario curricular a seguir cada curso e determinar outros requisitos de matrícula distintos dos establecidos con carácter xeral.

De conformidade co establecido no Regulamento de asistencia a clase nas ensinanzas oficiais de grao e máster da Universidade de Santiago de Compostela, o estudantado con necesidades educativas especiais poderá optar por solicitar unha planificación e seguimento da súa actividade académica que estea adaptada as súas necesidades ou solicitar a dispensa a clase e establecer a adaptación para o sistema de avaliación. A Xunta de Centro ou órgano no que delegue aprobará a planificación que considere axeitada e comunicaraa a todos os departamentos afectados.

12. CAMBIO DE CENTRO DE ESTUDOS

O estudantado que iniciase estudos nunha titulación de grao que se imparta nos Campus de Santiago de Compostela e de Lugo, poderá solicitar a partir do curso académico seguinte a aquel no que iniciase os seus estudos, continuar os mesmos estudos no outro campus distinto.

Esta solicitude poderá presentarse dentro do prazo xeral de matrícula do primeiro semestre e tamén no período establecido no Anexo I para o segundo semestre. Neste último caso sempre que a persoa non estivera matriculada no presente curso académico na titulación de orixe e se emita informe favorable polo centro correspondente.

A persoa inscrita nos estudos de máster que se impartan en ámbolos dous Campus e desexe o cambio poderá solicitalo no mesmo prazo a partir do curso académico seguinte a aquel no que iniciase os seus estudos. Requiriraase, neste caso, o informe favorable do coordinador do máster.

13. CONVOCATORIA DE AVALIACIÓN. RENUNCIA

O estudantado disporá dunha única convocatoria por curso académico con dúas oportunidades de avaliación, unha ao remate de cada semestre e outra no mes de xullo, acorde ao calendario académico aprobado.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Este dereito de avaliación quedará limitado polas incompatibilidades académicas que establezan os plans de estudo ou as programacións académicas de conformidade coa normativa aplicable.

Non se poderá avaliar a ningunha persoa que non estea efectivamente matriculada na materias ou actividades (prácticas, estadías, etc.) correspondentes.

13.1. CONVOCATORIAS EN ESTUDOS DE GRAO E MÁSTER

Con independencia das oportunidades previstas para cada convocatoria, o estudantado poderá concorrer a un máximo de 4 convocatorias por materia en estudos de grao e tamén en estudos de máster conducentes ao exercicio de profesións reguladas, e 2 para o resto de estudos de máster, acorde á normativa de permanencia.

A matrícula de prácticas en empresas ou institucións, estadías e actividades equiparables só dará dereito a ser avaliado unha vez por curso. A oportunidade de avaliación será a primeira ou segunda segundo corresponda en función do remate da actividade.

A matrícula dos Traballos Fin de Grao e de Fin de Máster dará dereito ás convocatorias que determina o Acordo do Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016 polo que se aproba o Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster na Universidade de Santiago de Compostela (modificado por ACG 24 de xullo de 2024).

As convocatorias entenderanse consumidas aínda que o estudante non se someta a ningún dos dous procedementos de avaliación establecidos, de tal xeito que a mención "non presentado" na primeira oportunidade permite que o estudante poida concorrer á segunda oportunidade de exame, sempre que non o impida a guía docente. Cando tampouco concorra á segunda oportunidade darase por consumida a convocatoria.

A cualificación dunha convocatoria na que o estudantado non supera os obxectivos establecidos será de "suspenso". Se a persoa non concorre ás convocatorias oficialmente establecidas para a realización de exames nin realiza ningunha das actividades previstas na programación docente da materia constará como "non presentado".

No caso de que se solicite a adaptación por cambio de plan ou de edición nos estudos de grao e máster, as convocatorias consumidas en plans de estudos ou edicións anteriores non computarán no novo expediente a efectos da normativa de permanencia.

Cando o estudantado non poida matricularse por ter esgotadas as convocatorias máximas, no momento no que haxa un cambio de edición ou plan de estudos, poderá solicitar a adaptación e matricularse novamente e as convocatorias consumidas non computarán no novo expediente.

13.1.1. Estudantado de Grao e Máster en programas de intercambio

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

O estudantado vinculado a un programa interuniversitario disporá das oportunidades de avaliación que teña establecidas a universidade de destino. Independentemente disto poderase presentar á oportunidade de xullo na USC sempre que:

- A materia ou materias estean recollidas no compromiso de estudos ou acordo académico e pertenzan ao primeiro semestre na USC e/ou na Universidade de destino.

- A materia ou materias non se superasen na universidade de destino, circunstancia que deberá acreditarse no momento da solicitude.

- As materias non superadas teñan equivalente na súa titulación.

- O permita a guía docente.

A solicitude poderá realizarse perante o coordinador por calquera medio que permita a constancia da súa recepción, cun mínimo de 30 días antes do inicio do período de exames de xullo.

O coordinador deberá informar ao profesorado responsable das materias e comunicaralle á UXA correspondente a relación de persoas que se van acoller a esta posibilidade, para que a UXA lles retire a condición de estudantado de intercambio na acta e poida incluírse a cualificación.

13.1.2. Normas de Permanencia

Consonte ao Acordo do Consello Social do e de novembro de 2014 o estudantado, no caso de esgotar as convocatorias ás que ten dereito poderá solicitar por unha soa vez para cada materia a dispensa de dito límite por razóns académicas ou persoais especiais.

Segundo o Acordo do Consello de Goberno de 10 de marzo de 2016, o estudantado que teña esgotadas as convocatorias, sempre que lle resten como máximo 18 ECTS sen contar o TFG ou TFM e as prácticas obrigatorias ou o Prácticum, poderá solicitar unha única convocatoria extraordinaria.

13.2. RENUNCIA ÁS CONVOCATORIAS

A renuncia implicará a imposibilidade de realizar con posterioridade actividades na materia.

No expediente do estudantado figurará coa mención de ”renuncia”.

A renuncia supón a eliminación da acta da persoa interesada e a renuncia a todas as oportunidades de avaliación establecidas nese curso académico.

Unha vez aceptada a renuncia non será posible desistir desta solicitude.

Non procederá en ningún caso a renuncia na segunda oportunidade de exame.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Non procederá a renuncia nas materias de Prácticum ou prácticas.

Non terá efectos a renuncia a unha convocatoria, unha vez realizada a totalidade da avaliación da materia. No caso de detectarse esta circunstancia procederase a eliminar a renuncia do expediente e a imputar a cualificación correspondente.

A renuncia non xerará dereitos de devolución de prezos públicos. Ademais o importe de matrícula da materia á que se renuncia terase en conta a efectos da aplicación do importe de segunda e sucesivas matrículas nos cursos seguintes.

13.2.1. Renuncia voluntaria

A renuncia voluntaria a unha convocatoria só se poderá conceder unha única vez por materia.

O estudantado poderá renunciar á convocatoria de avaliación sen necesidade de xustificar causa ningunha mediante o procedemento telemático establecido na Secretaría Virtual.

Realizada a solicitude, anotarase tal circunstancia no expediente.

Non se autorizará a renuncia voluntaria para materias:

- De intercambio recollidas nos contratos ou compromisos de estudos.

- Acollidas ao réxime de apoio titorial extraordinario.

A renuncia debe efectuarse nos prazos indicados no Anexo I en función das datas establecidas na programación académica para a docencia das materias, sen que sexa posible renunciar unicamente para a segunda oportunidade.

No caso de que se autorice unha modificación do calendario académico para unha/s titulación /s determinadas, non se admitirá a renuncia unha vez iniciado o período de avaliación que fose modificado.

13.2.2. Renuncia por causa de forza maior

As solicitudes de renuncia por causas de forza maior deberán estar debidamente xustificadas e acreditadas. A ausencia de acreditación determinará o seu rexeitamento.

Na instrución do expediente poderá solicitarse calquera informe que se estime oportuno.

A resolución que remate o expediente admitirá ou denegará a solicitude de renuncia de forma motivada.

Admitida a renuncia por este motivo, modificarase o expediente e recollerase na avaliación como ”renuncia” coa data de autorización.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Cando corresponda que o estudantado fora avaliado con anterioridade á renuncia, conservaranse as actas de cualificación nas que figure este, pero non terán efectos nin se imputarán as cualificacións no expediente.

13.2.3. Renuncia por non reunir os requisitos para a defensa dos Traballos Fin de Grao ou de Fin de Máster.

Unha vez formalizada a matrícula, non procederá a devolución dos prezos aboados no caso de non presentarse ao acto de defensa do traballo de fin de estudos. No suposto de que o estudantado non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, considerarase unha renuncia automática polo que non se computará para os efectos de consumir convocatoria.

A obtención de "non presentado" nalgunha das oportunidades ou en todas computarase para os efectos de consumir a convocatoria.

14. CONVOCATORIA DE FIN DE CARREIRA NAS TITULACIÓNS DE GRAO E MÁSTER

Co obxecto de rematar anticipadamente os seus estudos, o estudantado de grao e máster poderá solicitar electronicamente a través da Secretaría Virtual, dentro do período fixado no Anexo I que comprenderá o prazo xeral de matrícula e o prazo de modificación do primeiro semestre, a inscrición para a realización da convocatoria de fin de carreira. A solicitude poderase realizar independentemente do número de materias que o estudantado teña matriculadas no primeiro semestre, no caso de que só lle falte por superar unha materia anual ou do segundo semestre, ademais do Traballo Fin de Grao ou de Fin de Máster e/ou as prácticas externas curriculares obrigatorias.

Exclúense desta convocatoria as materias prácticas, prácticum das titulacións, os Traballos de Fin de Grao/Máster e as materias asimilables a estas.

As actas serán asinadas polo profesor responsable da materia.

As materias superadas nesta convocatoria imputaranse ao curso 2025/26 coa referencia "Fin de Carreira" e a cualificación obtida.

O estudantado que non supere a materia na convocatoria de Fin de Carreira non poderá concorrer á primeira oportunidade da convocatoria ordinaria. Só poderá presentarse no mesmo curso á oportunidade de recuperación, salvo que non se tivera presentado. Nese caso poderá concorrer ás dúas oportunidades da convocatoria ordinaria.

A inscrición na convocatoria Fin de Carreira non devindicará novas taxas ou prezos públicos de matrícula.

15. MENCIÓNS E ESPECIALIDADES NAS TITULACIÓNS DE GRAO E MÁSTER

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Para obter unha mención ou especialidade o estudantado deberá superar todas as materias obrigatorias e optativas necesarias vinculadas á mención/especialidade. Cando corresponda que no plano de estudos se considere a realización dun prácticum, prácticas externas e TFG /TFM vinculados ás mencións/especialidades, tamén deberán realizar estas materias.

Con respecto á realización dunha ou varias especialidades ou mencións estarase ao diposto na Resolución reitoral do 11 de xullo de 2016 sobre realización de varias mencións e especialidades nas titulacións de grao e máster.

As persoas interesadas poderán realizar a solicitude de matrícula nunha nova mención /especialidade no prazo xeral de matrícula do primeiro semestre, estas solicitudes serán resoltas logo do informe do centro ou comisión académica correspondente.

16. ESIXENCIA DE NIVEL DE COÑECEMENTO DE LINGUA GALEGA OU ESPAÑOLA PARA A MATRÍCULA EN ESTUDOS OFICIAIS

O Acordo do Consello de Goberno do 28 de febreiro de 2019 sobre esixencia de nivel de coñecemento de lingua galega ou española para matrícula en estudos de grao, máster e doutoramento oficial, modificado polo Acordo de Consello de Goberno do 28 de maio de 2025 establece que para matricularse en estudos de grao oficial da USC o estudantado deberá acreditar coñecementos de lingua española mediante un título de nivel B1 ou superior expedido polo Instituto Cervantes, agás para o Grao en Lingua e Literatura Españolas, para o que se deberá acreditar un nivel B2 ou superior.

A acreditación oficial da lingua galega deberá realizarse mediante un título Celga II, conforme a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia do 16 de xullo de 2007, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

De non posuír algún destes títulos, deberanse acreditar os coñecementos de lingua dos ditos niveis antes do inicio dos estudos, mediante a superación da parte A das probas de competencia lingüística a USC correspondentes aos niveis B1 (B1.A), B2 (B2.A) ou C1 (C1.A).

No caso de non superar a proba, o estudantado deberá modificar a súa matrícula e só poderá matricularse dun máximo do 25% dos créditos do primeiro semestre debendo realizar ao mesmo tempo un curso intensivo obrigatorio de español ou galego ata a superación do nivel requirido, que será necesario para matricularse no segundo semestre.

A non superación do nivel do curso implicará a anulación total da matrícula. Neste caso a universidade poderá ofertarlle ao estudantado afectado a posibilidade de matricularse en réxime de estudantado visitante nunha serie de materias correspondentes ao segundo semestre.

Este requisito de esixencia de nivel de idioma para estudos de grao e máster non será de aplicación para as persoas procedentes de países cuxo idioma oficial sexa o español ou o

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

portugués, tampouco se aplicará ás persoas matriculadas en titulacións oficiais que se impartan maioritariamente en linguas distintas ao galego ou o castelán así como ao estudantado en réxime de intercambio. Tampouco se lle aplicará ao estudantado visitante.

16.1. MÁSTER

A Comisión académica de cada máster deberá indicar se esixe ou non o nivel B1 ou B2 de coñecemento de lingua española ou o nivel Celga II de lingua galega. De non indicarse nada, entenderase que non será esixible ningún nivel de idioma.

No caso de que se esixa un nivel B1 ou, de ser o caso, un nivel B2, estarase ao disposto no apartado anterior.

16.2. DOUTORAMENTO

Non será esixible un nivel mínimo de coñecemento de galego ou castelán, sendo responsabilidade do estudantado o coñecemento da(s) lingua(s) en que se vaia desenvolver o programa de estudos.

17. PUBLICACIÓN NOTAS DE CORTE

Rematados os procesos de admisión e matrícula, o Servizo de Xestión Académica fará públicas, a efectos informativos, as notas de corte dos procesos de admisión de máster, cursos complementarios e traslados con cota onde non quedaran prazas vacantes.

II. ESTUDOS DE GRAO

18. INICIO DE ESTUDOS EN TITULACIÓNS DE GRAO

Para iniciar estudos en titulacións de grao a persoa interesada deberá facer a preinscrición nos prazos e seguindo o procedemento establecido pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG).

Unha vez autorizada, poderá formalizar matrícula a persoa que estea habilitada por ter superadas as probas de acceso á universidade ou posuír algún dos títulos ou probas recollidos no Anexo III.

En todos aqueles supostos nos que se esixa a homologación de calquera título, diploma ou estudo obtido ou realizado en sistemas educativos estranxeiros para o acceso á universidade, admitirase con carácter condicional ás persoas solicitantes que acrediten ter presentado a correspondente solicitude de homologación, en canto se resolve o procedemento para a devandita homologación; coa excepción das persoas solicitantes que desexen acceder pola cota de persoas tituladas e posúan unha titulación universitaria obtida

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

ou realizada en sistemas educativos estranxeiros, neste caso teñen que ter o título homologado ou declaración de equivalencia a titulación ou nivel académico, en caso contrario deberán solicitar a admisión pola vía do artigo 45 do Real decreto 534/2024.

Os diplomados, mestres, enxeñeiros técnicos, arquitectos técnicos ou quen posúa titulacións equivalentes de plans extinguidos poderán matricularse nos ensinos de grao. No entanto, nas ensinanzas de grao en que se oferte un curso complementario (curso ponte) para obter as competencias que proporciona o título oficial de grao polos titulados de plans anteriores, unicamente poderán solicitar a súa admisión por esta vía e non poderán solicitar praza polo sistema común para o inicio de estudos en titulacións con límite de prazas (preinscrición) no grao que substitúa á titulación xa cursada. Esta limitación tamén se aplicará ao estudantado, que reunindo os requisitos para solicitar a expedición do título, aínda non o fixo. En caso de incumprimento desta limitación, procederase a anular a matrícula realizada no primeiro curso e convocarase, de ser posible, á seguinte persoa na listaxe de agarda.

19. PROGRAMAS DE DOBRE TITULACIÓN

A salvo de disposicións específicas, con carácter xeral e a efectos da aplicación do disposto nesta convocatoria, entenderase que os programas de dobre titulación son unha única titulación.

A tramitación e xestión das solicitudes de admisión para o inicio de estudos nun programa de dobre titulación (programas integrais de titulacións dobres) será xestionada pola CIUG cos mesmos criterios e procedementos que para o ingreso no resto de titulacións.

O estudantado da USC que iniciara os seus estudos nalgún dos graos que compoñen cada dobre titulación, poderá solicitar continuar os estudos no programa de dobre titulación correspondente. Para ser admitido é requisito indispensable que lle recoñezan 30 créditos na dobre titulación e, ademais, ter unha nota de acceso á universidade superior á da última persoa que accedeu á mesma dobre titulación no curso anterior.

O número de prazas ofertado nesta modalidade de continuación no programa conxunto de estudos oficiais pode ser de 2 prazas (1 para cada unha das titulacións de grao que a compoñen) ou de 4 prazas (2 para cada unha das titulacións de grao que a compoñen). As prazas adxudicaranse de acordo co establecido no apartado 25.2.1. desta convocatoria.

A matrícula de inicio para o curso 2025/26 será a ofertada para estes estudos cun máximo de 75 ECTS o primeiro ano e ata un máximo de 90 ECTS nos sucesivos, sen ter en conta o TFG.

En todo o relacionado cos aspectos administrativos dos seus estudos, a persoa admitida nunha programación conxunta de estudos oficiais rexerase pola súas disposicións específicas (Acordo do Consello de Goberno do 27 de marzo de 2015 e as disposicións que se diten en desenvolvemento deste) e subsidiariamente polo disposto nesta convocatoria.

Para estes efectos, as referencias ao límite de matrícula de 75 ECTS desta convocatoria serán de 90 ECTS para o estudantado que curse unha titulación dobre por un programa integral de titulacións dobres.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Do mesmo xeito, as referencias ás disposicións e limitacións específicas de cada plan de estudos entenderanse referidas ao programa integral para este.

O estudantado inscrito nun programa de dobre titulación, unha vez cursado o primeiro ano, poderá renunciar a el antes do remate do prazo de modificación de matrícula do primeiro semestre, para o que deberá facer unha solicitude expresa.

20. TÍTULO DE GRAO EN PAISAXE POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Conforme ao establecido no Convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para a implantación do título de Grao en Paisaxe pola Universidade da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela, o estudantado admitido para iniciar o Grao en Paisaxe terá que matricularse na Universidade de Santiago de Compostela, onde cursará 1º e 2º curso. Na Universidade da Coruña matricularase para cursar 3º e 4º curso.

Cada persoa exercerá os seus dereitos e responderá dos deberes inherentes á súa condición de estudantado desas universidades. En particular, o aboamento de prezos da matrícula, a xestión do expediente, bolsas, servizos, a representación institucional, etc, exerceranse na universidade onde se atope matriculado.

21. PROGRAMA DE GRAO ABERTO

O Programa de Grao Aberto USC Enxeñarías pola USC, cuxa memoria aprobouse por Acordo do Consello de Goberno de 22 de abril de 2020, modificado polo Acordo do Consello de Goberno do 28 de abril de 2022, rexerase pola súa regulación específica.

22. GRAO EN XESTIÓN DE EMPRESAS HOSTALEIRAS

O estudantado admitido no Grao en Xestión de Empresas Hostaleiras deberá formalizar a súa matrícula no prazo estipulado, primeiro na USC e a continuación no Centro Superior de Hostalería de Galicia (CSHG). Para realizar a matrícula no CSHG recibirá unha mensaxe de sms ou a través de correo electrónico coa información necesaria para formalizala.

O estudantado de continuación de estudos deberá matricularse no prazo específico establecido para eles no apartado A12 do Anexo I.

Para poder promocionar e matricularse no curso seguinte ao que o estudante se atope cursando, o estudantado só poderá ter pendente de superar un máximo de 15 ECTS de cursos anteriores, e matricularase no curso seguinte dos 60 ECTS correspondentes máis os créditos pendentes do curso anterior. No caso de primeiro e segundo curso deberá cumprirse un requisito adicional, dado que só se poderá promocionar ao curso seguinte se o estudante superou as asignaturas que inclúen prácticas externas en empresa nos cursos correspondentes e as prácticas operativas do departamento de Alimentos e Bebidas do primeiro curso. No caso de terceiro e cuarto curso, e concretamente para promocionar de terceiro a cuarto, deberá cumprirse este requisito (máximo de 15 ECTS) sen ter en conta os

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

créditos do practicum, e respectando o requisito xeral de matrícula máxima de 75 ECTS por curso (sen contar en cuarto curso o Traballo Fin de Grao).

23. TÍTULO CONXUNTO DE GRAO EN INTELIXENCIA ARTIFICIAL POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA, UNIVERSIDADE DE VIGO E UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

De conformidade co Convenio de Colaboración Académica entre as tres universidades establécese a realización e organización conxunta do título de grao en Intelixencia Artificial.

Cada universidade ofertará un número de prazas diferenciado, e a admisión realizarase en cada unha das universidades, a través dos procedementos establecidos pola Comunidade Autónoma e cada unha das universidades.

O estudantado da titulación conxunta poderá solicitar o cambio de xestión do seu expediente a outra universidade con carácter anual, sempre que reúna os requisitos que establecen as normas de permanencia da universidade onde se vai matricular, sen que tal feito teña a consideración xurídica de traslado. A universidade de orixe deberá enviar a certificación académica e a documentación do expediente á universidade de destino. As universidades poderán establecer unha cota de traslados, en caso de que as solicitudes de cambio superen dita cota, terá preferencia o estudantado con mellor expediente.

A tales efectos o prazo para poder solicitar o cambio de expediente será o mesmo que o establecido na Convocatoria de traslados e o número de prazas é o que se establece como cota adicional no Anexo VI.

24. ADMISIÓN E MATRÍCULA EN CURSOS COMPLEMENTARIOS ("CURSOS PONTE")

Nos cursos complementarios para obter o título oficial de grao con límite de prazas deberá solicitarse previamente a admisión a través da Secretaría Virtual da USC. A persoa interesada solicitará os estudos manifestando a orde de preferencia en caso de solicitar máis de un.

As prazas adxudicaranse por nota media de expediente ata cubrir a cota de prazas ofertadas para cada titulación de acceso. No caso de existir vacantes nalgunha das cotas de reserva de prazas estas acumularanse á cota xeral ou, segundo dispón o acordo polo que se fixan as prazas, para ser cubertas polas persoas solicitantes rexistradas, antes de ofertalas ao resto das persoas interesadas.

En cada unha das convocatorias que se recollen no Anexo I, a persoa admitida que non se matricule no prazo establecido, decaerá no seu dereito sobre a praza adxudicada. Así mesmo, a persoa interesada que figure na listaxe de agarda deberá expresar a súa vontade de seguir optando ás prazas, confirmándoo en cada unha das convocatorias previstas a través do mesmo formulario electrónico no que presentou a solicitude. De non facelo entenderíase que desiste da súa solicitude e non sería considerada na seguinte convocatoria.

Rematadas as convocatorias indicadas no Anexo I ou ben esgotadas as listaxes de agarda sen que se cubriran todas as prazas, as vacantes adxudicaranse por orde de solicitude de

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

matrícula presentada nos prazos establecidos para isto. No caso de que tras as convocatorias previstas resultaran aínda persoas en listaxe de agarda sen praza adxudicada, chamaranse por orde para os efectos de cubrir as posibles vacantes dentro dos prazos xerais de matrícula.

O estudantado matriculado nos cursos complementarios considerarase estudantado da titulación de grao correspondente. A súa matrícula está limitada exclusivamente ás materias que forman o curso complementario concreto, agás que a petición da persoa interesada e con informe motivado do Centro correspondente, se autorice a matrícula noutras materias determinadas.

En todo caso, independentemente do número de créditos de que conste cada curso complementario, o estudantado deberá matricularse o primeiro ano nun mínimo de 30 créditos.

Tal e como se establece na Resolución reitoral do 11 de xullo de 2016 sobre realización de varias mencións e especialidades nas titulacións de grao e máster, as persoas matriculadas nun curso ponte para a obtención do título de grao non poderán realizar mencións.

Rematados os estudos poderán cursar unha mención sempre e cando non a cursaran na titulación previa que lle deu acceso ao curso, solicitándoo no prazo xeral de matrícula do primeiro semestre.

As persoas admitidas procedentes doutras universidades deberán solicitar a determinación das materias que deben cursar para completar os estudos de grao no momento de formalizar a matrícula.

24.1. CURSO PONTE DO GRAO EN XESTIÓN DE EMPRESAS HOSTALEIRAS

Para o curso académico 2025-26 aprobouse a oferta de curso ponte do Grao en Xestión de Empresas Hostaleiras dirixido exclusivamente a estudantado da última promoción da titulación propia de Diploma en Xestión de Empresas Hostaleiras do curso 2024-25, co fin de que poidan obter o título de grao.

25. MATRÍCULA DE CONTINUACIÓN EN ESTUDOS DE GRAO

25.1. ESTUDANTADO DA USC

Os que cursaban estudos nun plan extinguido poderán adaptarse aos novos estudos de grao que substitúen ao plan que estaban a cursar. Unha vez formalizada a adaptación, se o estudante non se matrícula nese curso académico, esta non terá efectos no seu expediente.

25.1.1. Imposibilidade de nova inscrición no primeiro ano

O estudantado que inicia estudos nunha titulación deberá superar, como mínimo, unha materia de formación básica ou obrigatoria no primeiro curso. A estes efectos enténdense superadas as materias recoñecidas.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

De non aprobala, admitirase de novo a matrícula no seguinte curso, sen que teña que ser o inmediato, debendo superar neste segundo ano un mínimo de 30 ECTS entre os de formación básica ou obrigatorios do primeiro curso para matrícula a tempo completo ou 15 ECTS, no caso de que se acollera á modalidade de matrícula a tempo parcial.

No caso de que non supere os mínimos fixados para o segundo ano de matrícula, non poderá continuar os mesmos estudos na Universidade de Santiago de Compostela nos cinco cursos académicos seguintes, salvo nos casos contemplados na Normativa de Permanencia e na Instrución 1/2013 da Secretaría Xeral.

25.2. ESTUDANTADO PROCEDENTE DOUTRAS UNIVERSIDADES OU DOUTROS ESTUDOS UNIVERSITARIOS DE GRAO

O estudantado que iniciara estudos de grao noutra universidade ou noutras titulacións da propia universidade e cumpra os requisitos establecidos no Real decreto 534/2024 de 11 de xuño e no Acordo do Consello de Goberno do 27 de maio de 2010 polo que se establecen os criterios de admisión por cambio de universidade e/ou estudos universitarios nos estudos de grao modificado polo Acordo de Consello de Goberno de 10 de xuño de 2024 e polo Acordo de Consello de Goberno de 30 de abril de 2025 poderá solicitar continuar estudos na USC nos prazos establecidos na convocatoria que se publique anualmente. Poderán presentar unha solicitude de traslado aqueles estudantes procedentes doutra universidade ou doutras titulacións da propia universidade aos que se lles recoñeza un mínimo de 30 ECTS na titulación na que solicite continuar estudos na Universidade de Santiago de Compostela.

O estudante admitido e que solicite adaptación ou recoñecemento dos estudos superados na titulación de orixe deberá realizar unha matrícula provisional. Despois de que se dite a resolución de adaptación ou recoñecemento procederá a formalizar a matrícula definitiva no prazo que determine a resolución pola que se comunica o resultado da súa petición.

25.2.1. Titulacións con cota para traslados.

Nas titulacións con cota para traslados, as prazas asignaranse segundo o establecido no Acordo de Consello de Goberno de 27 de maio de 2010 modificado polo Acordo de Consello de Goberno de 10 de xuño de 2024 e polo Acordo de Consello de Goberno de 30 de abril de 2025. As persoas interesadas deberán presentar a súa solicitude a través da Secretaría Virtual nos prazos establecidos na convocatoria específica.

No Anexo V e na Instrución de Xerencia que se publique anualmente establécense as notas de corte de cada grao correspondentes ao curso anterior, para os efectos de ordenar as solicitudes de admisión en continuación de estudos da USC, segundo a prelación establecida no Acordo de Consello de Goberno de 27 de maio de 2010, modificado polo Acordo de Consello de Goberno de 10 de xuño de 2024 e polo Acordo do Consello de Goberno de 30 de abril de 2025.

Publicada a adxudicación de prazas, o estudantado admitido que non se matricule no prazo establecido na resolución de admisión, decaerá no seu dereito sobre a praza adxudicada convocándose á seguinte persoa da listaxe de agarda.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

25.3. ESTUDANTADO DE INTERCAMBIO

O estudantado deberá matricularse de todas as materias incluídas no compromiso de estudos.

Neste compromiso poderanse incluír materias suspensas co límite dunha materia suspensa por cada curso do plan de estudos no que estivo anteriormente matriculado de xeito que, por exemplo, unha persoa estudante de terceiro curso só poderá matricularse de 2 materias suspensas. Do resto de materias suspensas non estará obrigado a matricularse, agás cando o intercambio sexa dun semestre. Neste último suposto, deberá matricularse das materias suspensas do período no que non realiza o intercambio. Exceptúanse do deber de matrícula indicado os Traballos de Fin de Grao ou de Fin de Máster e as prácticas cando non poidan cursarse na universidade de destino.

Ademais, no caso de que o período que curse na USC se corresponda co segundo semestre, as materias pendentes do primeiro semestre e anuais non incluídas no compromiso de estudos, non computarán para os efectos da normativa de permanencia.

A matrícula do estudantado acollido ao programa de intercambio SICUE estará suxeita ás normas e límites da propia convocatoria de intercambio.

O número mínimo de créditos que se deben incluír no acordo de estudos será o equivalente a 40 ECTS para un curso académico completo ou o equivalente a 20 ECTS para un semestre.

O número de créditos que ordinariamente se incluirán no acordo de estudos será o equivalente a 60 ECTS para un curso académico completo ou o equivalente a 30 ECTS para un semestre. Só en casos en que así o exixa a adaptación curricular ao sistema de semestres, o estudantado que realice unha estadía de mobilidade dun semestre poderá superar o límite de 30 ECTS, ata un máximo de 35 ECTS e de 45 ECTS para dobres graos.

De forma extraordinaria e en función de circunstancias académicas acreditadas polo Centro, o estudantado poderá matricular ata 75 ECTS en materias de intercambio, ampliable ata 90 ECTS para o estudantado de programas de simultaneidade ou dobres titulacións e sempre que o permita a convocatoria ou acordo de intercambio.

Os límites de matrícula aplícanse ao período de intercambio, todo o curso ou a un semestre, de forma que, neste último caso, o estudantado poderá formalizar matrícula na USC no outro semestre do curso sen exceder o límite de 75 ECTS (ou de 90 ECTS no caso de dobres titulacións) no conxunto da matrícula. Para o cómputo deste límite non se terán en conta os ECTS correspondentes ao Traballo Fin de Grao ou de Fin de Máster.

25.4. ESTUDANTADO QUE CURSOU ESTUDOS NESTA UNIVERSIDADE E TRASLADOU O SEU EXPEDIENTE A OUTRA UNIVERSIDADE

O estudantado que cursara estudos nesta universidade e trasladara o seu expediente para cursar os mesmos ou outros estudos noutra universidade poderá solicitar a admisión para

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

continuar aqueles dos que estivera matriculado na USC, sen que se esixa ningún requisito, aínda que a titulación teña límite ou cota de prazas para traslados, sempre que non incorra nalgún impedimento dos establecidos nas normas de permanencia para continuar estes estudos. O prazo de solicitudes será o que se publique na convocatoria para a presentación de solicitudes de admisión para a continuación de estudos en titulacións da USC.

25.5. CONTINUACIÓN DE ESTUDOS POR VALIDACIÓN PARCIAL DE ESTUDOS ESTRANXEIROS

O estudantado procedente de universidades estranxeiras que pretenda continuar estudos nesta universidade poderá solicitar anticipadamente o ingreso nas ensinanzas oficiais de Grao que teñan prazas reservadas para este colectivo no prazo fixado no Anexo I. As prazas reservadas indícanse no Anexo VI.

Se nas titulacións ofertadas non se cobren todas as prazas coas solicitudes do primeiro prazo, abrirase un novo prazo para cubrir as vacantes nos períodos indicados tamén no Anexo I.

A solicitude presentarase segundo se detalla no apartado 6 desta convocatoria, aboando os prezos establecidos polo Consello Social a este efecto. A falta de pagamento do prezo determina o arquivo da solicitude sen máis trámite.

Na solicitude, ademais dos datos establecidos como obrigatorios polo Acordo do Consello de Goberno, deberase indicar para cada materia cursada no país de orixe, o número de páxina onde figura o programa correspondente a esa materia na documentación presentada.

O estudantado que solicite validación parcial de estudos estranxeiros e estea en posesión dun título de educación superior estranxeiro deberá achegar copia do título no momento da solicitude.

Unha vez finalizado o proceso de selección, as persoas interesadas que non resultaran admitidas, poderán solicitar a devolución da documentación presentada. En caso contrario a documentación será destruída pasados 6 meses desde a finalización do proceso.

O estudantado admitido no primeiro prazo (solicitudes realizadas en febreiro) deberá matricularse no prazo especificamente previsto no Anexo I. Se non se matricula no prazo establecido, decaerá no seu dereito sobre a praza adxudicada e no caso de que exista listaxe de agarda convocarase para matrícula ao seguinte solicitante. O estudantado admitido no segundo prazo (xullo) matricularase no prazo establecido na Resolución de admisión.

